

COMPROMISO POR UN MUNDO RURAL GALEGO VIVO

Por todo o mundo é recoñecida a realidade actual do mundo rural galego. Realidade que ven caracterizada por un elevado grao de envellecemento, abandono e desertización de practicamente todas as zonas rurais da Galiza e que ten o seu reflexo na desestruturación do territorio o que leva aparelado elevados riscos de incendios de grandes dimensións, perda de diversidade biolóxica e o mais importante a perda de dinamismo social e económico das zonas afectadas por este fenómeno.

Mas esta realidade responde á aplicación de políticas neolibéricas que teñen por obxectivo a eliminación dos servizos e dereitos das poboacións rurais (supresión de escolas, de infraestruturas sanitarias, copagamentos, eliminación das políticas de dependencia, ...); a consideración do medio ambiente como moeda de cambio en beneficio do grande capital, permitíndolle destruír enclaves de grande valor a cambio de pagar traballos de melloras ambientais noutros lugares, ou como un aspecto residual nas diversas lexislacións que afectan ao rural, tales como as directrices para a elaboración do novo Plano Forestal, as leis do solo, de industria, o plano da minería, do litoral, Rede Natura, ...; a privatización da xestión dos montes veciñais en beneficio de empresas privadas, xunto con a promoción e implantación de monocultivos forestais de crecemento rápido, cultivos enerxético a megaminería e a instalación de industrias de enclave; a consideración do rural como lugar de disfrute das elites sociais (campos de golf, coutos de caza maior, zonas residenciais, centros comerciais,...); e a aplicación dunha Política Agraria Común (PAC) que destrúe as economías familiares en beneficio das multinacionais. Todas estas accións dan como resultado que Galiza fiquese cada vez máis vulnerábel e dependente, impedida de dispor dunha política agro-rural propia, feita en función das súas necesidades.

En concreto a crise que levan padecendo durante anos os nosos sectores produtivos agrarios está na orixe desta situación. Comezase por imposibilitar que a xente poda vivir do seu traballo, mediante a imposición de prezos ridículos e obstruíndo toda posíbel alternativa, para logo lle ofrecer como a mellor saída o abandono e o monocultivo forestal de crecemento rápido nas terras agrarias abandonadas.

Xa que logo, as entidades abaixo asinantes, organizacións que vivimos, xestionamos ou traballamos no medio rural, pedimos ás forzas políticas e coaligazóns que se presentan ás eleccións ao Parlamento Galego a asunción das seguintes propostas como compromisos electorais:

A.- Política Agro-Gandeira:

1. Marco galego de negociación que permita chegar a acordos entre as partes, e que teña como obxectivo conseguir que os prezos percibidos polo sector produtor cubran os custes de produción.

2. Potenciar o peche dos ciclos produtivos, impedindo que as nosas producións emigren sen xerar valor acrecentado no País.
3. Promover e fomentar os circuitos curtos de comercialización, distribución e consumo, como forma de garantir produtos de calidade ao tempo que se contribúe ao tan necesario aforro enerxético.
4. Fomento da economía social. Rexenerar o cooperativismo e o asociacionismo agrario. Incentivar a constitución de cooperativas de explotación comunitaria.
5. Plano de ordenación de usos da terra e de orientación de cultivos. Tendo como obxectivo a mobilización das terras de cultivo e o fomento do correcto aproveitamento da superficie forraxeira. Rematar coa forestación de terras agrarias e recuperar as terras de vocación agraria hoxe forestadas.
6. Ordenación do territorio: Compromiso de evitar a construción de grandes infraestruturas de obra pública que desnaturalicen e devasten o entorno e riqueza paisaxística, patrimonial e cultural. Nomeadamente evitar o paso da Autovía A-76 pola Ribeira Sacra.
7. O goberno galego en uso das súas plenas competencias oporase ao TTIP (Parcería Transatlántica para o Comercio e os Investimentos) por supor un atentado contra a seguridade e a soberanía alimentar do pobo galego.

B.- Política Medioambiental:

1. Suprimir calquera axuda á silvicultura e á forestación con especies pirófitas, dirixindo os fondos públicos cara o fomento das especies autóctonas, o abandono do eucalipto e promovendo modelos de aproveitamento multifuncional e sustentábel.
2. Reducir a superficie ocupada polo *Eucalyptus globulus* e prohibir a forestación con *Eucalyptus nitens* e outras especies invasoras en todo o territorio galego.
3. Prohibir o cultivo de especies alóctonas nos espazos protexidos abandonando a pretensión de “xestionar activamente” os bosque de ribeira e as etapas maduras de sucesións ecolóxicas.
4. Impedir os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da biomasa forestal residual exclusivamente con fins enerxéticos, priorizando o uso da biomasa para restituír a materia orgánica e os nutrientes ao solo, así como a compostaxe.
5. Adaptar a actividade forestal ao cambio climático, tendo en conta as situacións de risco (lumes, erosión, perda de capacidade de retención e de fertilidade, etc) nos nosos montes.

6. Propoñer alternativas para evitar a degradación e a perda de solo fértil nos montes. Reverter este proceso é imprescindible para garantir a existencia dos propios sistemas forestais, a conservación dos ecosistemas e a produción de recursos no futuro.
7. Cancelar a prórroga concedida á fabrica ENCE en Lourizán, de cara a terminar coas prexudiciais imposicións desta empresa na política forestal.

C.- Política de Montes:

1. Modificación da Lei de Montes de Galiza actualmente vixente, para que:
 - Se recoñeza a titularidade comunitaria como unha mais e distinta da titularidade pública e privada. Compromiso para dotar á administración pública galega dun órgano específico para atender as necesidades da propiedade comunal.
 - Se condonen as falsas e inxustas débedas dos montes veciñais conveniados ou consorciados e, segundo os casos, manter os convenios.
 - Que o reinvestimento obrigado na mellora dos montes veciñais sexa segundo os planos de ordenación e atendendo ás características do monte e da veciñanza comuneira.
 - Que a Administración competente en materia de montes asuma o compromiso de realizar os deslindes dos montes veciñais.
2. Retirada do Parlamento de Galego das directrices para a revisión do Plano Forestal de Galiza (Plano para o Monte Galego), e a elaboración de outras contando coa participación de todas as entidades que viven, traballan ou xestionan o medio rural.
3. Eliminar a obriga de presentar o Imposto de Sociedades ás comunidades de montes veciñais. Elaboración desde Galiza dunha fiscalidade propia e axeitada á figura do monte veciñal e ás súas funcións.
4. Creación dun selo de certificación forestal galego e público.
5. Apoio ao aproveitamentos en común dos montes particulares, derogando as Sociedades de Fomentos Forestal (SOFOR) e pondo en vigor as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), e outras formas asociativas e/ou cooperativas.
6. Reformulación dos órganos consultivos e de participación relacionados coa política de montes.
7. Aposta por un monte funcional no que se contemple a posta en valor do patrimonio etnográfico e cultural.
8. Adecuación das axudas concedidas para labores nos montes tendo en conta a finalidade e estacionalidade dos traballos.

D.- Medidas para combater os lumes forestais:

1. Considera que os lumes forestais non queiman só monte, senón que queiman territorio (superficie de monte, cultivos, paisaxe, biodiversidade, vivendas, etc.). É, xa que logo, un problema de País.
2. A prevención dos lumes forestais ten que facerse durante todo o ano e non só no verao. Entendendo o concepto de prevención no seu xusto termo, isto é: a posta en valor dos montes de xeito muntifuncional e sustentábel.
3. Apostar pola implicación das persoas titulares das terras na posta en valor dos montes veciñais. Estes teñen que ser os principais beneficiarios destas axudas e non as empresas forestais privadas ou as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).
4. A loita contra os lumes forestais, na súa faceta de extinción, debe facerse desde a consideración que esta ten de ser un servizo público e levado a cabo con criterios profesionais.

Galiza, agosto de 2016.

Asinan: ADEGA, AMIGOS DA TERRA, APDR, APROPIGA, CIG, COMITÉ EN DEFENSA DO MONTE GALEGO, FEG, FRUGA, ORGACMM, OVICA, SLG, SOS COELLO DE MONTE, UNITEGA